

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Desistencia da inclusión de varias prazas na Oferta de Emprego Público de 2022 que artellaba o proceso de estabilización

Desistencia de inclusión de varias prazas na Oferta de Emprego Público de 2022 que artellaba o proceso de estabilización previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

Polo Decreto da Alcaldía núm. 225/2026, do 13 de febreiro, resolveuse, entre outras cuestións:

“1º. Desistir da inclusión na oferta de emprego público do Concello de Sada que artellaba o proceso de estabilización previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, das seguintes prazas vacantes que foron obxecto de cobertura por aprobados de boa fe en execución de sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario 862/10:

PERSOAL FUNCIONARIO					
Denominación	Grupo/subgrupo Clasificación	Escala	Subescala	Clase	Núm. prazas
Director/a Casa da Cultura	A/A2	Admón. Especial	Técnica	Técnicos medios	1
Enxeñeiro técnico agrónomo	A/A2	Admón. Especial	Técnica	Técnicos medios	1
Axente de desenvolvemento local – técnico local de emprego	A/A2	Admón. Especial	Técnica	Técnicos medios	1
Auxiliar de biblioteca	C/C2	Admón. Especial	Técnica	Técnicos auxiliares	1

2º. En consecuencia, desistir do desenvolvemento dos proceso selectivos convocados para as prazas referidas (BOP núm.247, do 30-12-2022 e BOE núm.4, do 5-1-2023) e iniciar expediente para a devolución das taxas polo dereitos de exame aboadas polas persoas que presentaron instancia de participación nos procesos selectivos convocados para as prazas ofertadas. As persoas interesadas que aboaran no seu momento a taxa establecida deberán achegar certificación da conta bancaria onde manifesten que queren recibir a devolución si así procede”.

O que se publica para coñecemento xeral

Sada, 16 de febreiro de 2026

O alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2026/973